

CLECE E FILIAIS



CÓDIGO DE CONDUTA DE SOCIOS COMERCIAIS

Aprobado: Cristóbal Valderas

Data: maio de 2025

CONTROL DE MODIFICACIÓNS

Revisión

01

Maio de 2025

Motivo

Creación do documento

ÍNDICE

ÍNDICE	3
1. INTRODUCCIÓN	4
2. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN	4
3. PRINCIPIOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN	5
a. Integridade, profesionalidade e respecto da legalidade	5
b. Concorrencia e conflitos de interese	5
c. Prohibición de actos de suborno e branqueo de capitais	6
d. Libre competencia	6
e. Responsabilidade fiscal	6
f. Confidencialidade	6
g. Respecto dos dereitos humanos e laborais	7
h. Formación	7
i. Respecto pola seguridade e a saúde das persoas	8
j. Transparencia	8
k. Calidade na xestión e respecto do medio ambiente	8
4. GOBERNANZA	9
5. CANLE ÉTICA (SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN)	9
6. INCUMPRIMENTO	9
7. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN	10

1. INTRODUCCIÓN

Dende a súa creación, CLECE e filiais (en diante, «CLECE», «a Organización» ou «a Compañía») mantén un compromiso empresarial cos diferentes actores que forman parte da súa actividade e interactúan coa Organización e cos seus empregados. Este compromiso baséase nos principios éticos que guían o funcionamento de CLECE e que forman parte da súa cultura corporativa.

Sempre nos sentimos orgullosos da calidade do noso traballo, da experiencia e a profesionalidade que achegamos, e da solidez dos nosos valores e o noso modo de actuar. Como firmes defensores da legalidade e a ética, promovemos este comportamento en todos os mercados nos que operamos, garantindo que, tanto dentro da Organización coma fóra dela, se comprende a nosa forma de actuación. As claves do noso éxito fundaméntanse na transparencia e a honestidade.

Neste sentido, CLECE considera os seus provedores, empresas colaboradoras, subcontratistas e socios de negocio (en diante, «os socios comerciais») partes indispensables para a consecución dos seus obxectivos de crecemento, rendibilidade e mellora da calidade dos servizos, co propósito de establecer relacións asentadas na confianza, o respecto mutuo, a transparencia, a confidencialidade e a libre competencia.

Este Código de conduta de socios comerciais (en diante, «o Código») plasma a nosa filosofía e compromiso empresarial e vincula a visión e a estratexia de negocio, as prácticas de responsabilidade social corporativa, o sometemento ao réxime de legalidade, a actuación ética e os valores que deben rexer o noso comportamento.

2. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto do Código de conduta de socios comerciais é establecer os parámetros de comportamento que se esperan das persoas físicas ou xurídicas coas que se manteñan acordos comerciais a través das súas cadeas de actividade («socios comerciais»¹), no marco das relacións establecidas con CLECE, S.A. e as súas sociedades participadas.

Neste Código configúrase como o punto de partida que afecta á nosa actividade e contén os principios fundamentais de actuación entre CLECE e os seus socios comerciais, que á súa vez inspiran e desenvolven as normas e procedementos internos de organización e funcionamento.

¹ Provedores, empresas colaboradoras, subcontratistas e socios de negocio, entre outros.

Deste xeito, CLECE busca promover unha cultura de cumprimento para orientar as relacións cos seus socios comerciais e coa sociedade en xeral.

Os socios comerciais deben declarar a aceptación do contido deste Código ou a existencia dun código de conduta ou outras normas internas con contidos análogos, sen prexuízo da posibilidade de solicitar, para os efectos que resulten oportunos, información sobre o cumprimento e seguimento das súas disposicións.

3. PRINCIPIOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN

Os socios comerciais velarán porque todas as súas actuacións estean aliñadas cos principios e valores que propugna CLECE no seu Código ético e, moi especialmente, cos principios básicos de actuación que recolle este Código.

a. Integridade, profesionalidade e respecto da legalidade

Os socios comerciais de CLECE teñen a responsabilidade de actuar con integridade, transparencia, profesionalidade e respectando os intereses da Organización, mediante unha actuación eficiente e enfocada á excelencia e calidade en todos os seus servizos.

Igualmente, deben cumprir as leis vixentes alí onde desenvolvan a súa actividade empresarial e profesional, atendendo ao espírito e a finalidade desta e observando un comportamento ético en todas as súas actuacións.

b. Concorrencia e conflitos de interese

Para os efectos do presente Código, considérase «conflito de interese» aquela situación ou circunstancia na que os intereses de negocios externos, financeiros, económicos, familiares, políticos ou persoais poderían interferir no xuízo racional ou de valor do socio comercial ou no desempeño das súas obrigas fronte a CLECE. A existencia dun conflito de interese pode aparecer de maneira sobrevida (sen intención e de forma circunstancial), motivo polo que ten que xestionarse axeitadamente.

Os socios comerciais teñen a obriga de observar un comportamento consecuente cos principios de actuación ética e de tolerancia cero a respecto de calquera ilícito. Por iso, naqueles asuntos nos que poida existir algún tipo de concorrencia ou conflito de interese susceptible de vulnerar a súa independencia de actuación ou a suxeición adecuada ás normas aplicables, adoptarán as medidas necesarias para trataren de evitar a toma de decisións afectadas por un posible conflito de interese.

A este respecto, todo socio comercial que coñeza a existencia dun conflito de interese no desempeño das súas obrigas con CLECE debe comunicalo a través da Canle Ética (ou Sistema Interno de Información). Para máis información ao respecto, véxase o apartado 5.

c. Prohibición de actos de suborno e branqueo de capitais

CLECE, como membro do Pacto Mundial das Nacións Unidas e conforme se recolle no seu Sistema Integral de Xestión de Compliance, declárase contraria a influír sobre a vontade de persoas alleas a ela para obter algún beneficio mediante o uso de prácticas non-éticas.

Neste sentido, ningún socio comercial ten licenza para facer e/ou recibir pagamentos fóra de lei ou subornos, agasallos, dádivas ou vantaxes con entidades, persoas, autoridades públicas ou empresas privadas que, polo seu valor, as súas características ou as súas circunstancias, razoablemente puidesen supor unha alteración do desenvolvemento das relacións comerciais, administrativas ou profesionais.

Igualmente, ningún socio comercial pode participar en operacións ou transaccións de branqueo de capitais como, por exemplo, as destinadas á adquisición, posesión, uso, conversión ou transmisión de bens, sabendo que estes teñen a súa orixe nunha actividade delituosa, para encubrir a súa orixe ilícita ou encubrir as consecuencias legais da operativa.

d. Libre competencia

CLECE está firmemente comprometida co respecto á competencia honesta e leal, e recoñece a importancia que para tal fin ten o cumprimento da normativa de defensa da competencia e o fomento dunha cultura de cumprimento en toda a Organización.

Por esta razón, os socios comerciais, no marco das relacións que manteñen con CLECE, non poden, en ningún caso, levar a cabo prácticas contrarias á libre competencia.

e. Responsabilidade fiscal

Os socios comerciais deben garantir o cumprimento da normativa fiscal vixente en cada país ou territorio no que estean presentes, evitando a ocultación de información relevante, a elusión ilegal do pagamento de impostos, a obtención de beneficios fiscais indebidos ou a obstrución da acción de comprobación das administracións. Igualmente, os socios comerciais colaborarán coas administracións tributarias para fornecer a información fiscal requirida de acordo coa lexislación vixente.

f. Confidencialidade

CLECE considera de importancia vital o cumprimento da legalidade en materia de seguridade da información e protección de datos. As normas profesionais e as condicións contractuais aplicables esixen que se manteña a confidencialidade da información que se coñeza no desenvolvemento da súa actividade.

Por iso, os socios comerciais de CLECE cumprirán o seu deber de confidencialidade a respecto de toda a información que coñezan como consecuencia da relación de negocios presente ou futura que manteñen con CLECE, quedando totalmente

prohibida a divulgación ou transferencia de información confidencial ou de carácter non-público, agás que se dispoña da autorización expresa e por escrito da persoa con autoridade a tal efecto (ben da Organización, ben debido ao cumprimento de mandato xudicial ou precepto normativo).

Para o cumprimento deste deber, é responsabilidade dos socios comerciais cumprir a normativa nacional e internacional sobre protección dos dereitos de propiedade industrial e intelectual, segredos de empresa e de protección dos datos persoais.

Neste sentido, os socios comerciais comprométense a garantir a adopción das medidas de seguridade e ciberseguridade suficientes para protexer estas informacións e asegurar que todos os seus membros, no marco das relacións que manteñen con CLECE, cumpran o devandito deber.

g. Respecto dos dereitos humanos e laborais

CLECE está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas que traballa nas áreas de dereitos humanos («DD. HH.»), normativa laboral, medio ambiente e loita contra a corrupción.

É imprescindible que os socios comerciais, independentemente do país no que desenvolvan a súa actividade ou do sector no que operen, actúen de maneira dilixente, responsable e adopten medidas adecuadas de dilixencia debida en materia de dereitos humanos, incluídos os dereitos laborais, recoñecidos nacional ou internacionalmente.

Igualmente, aceptan cumprir no grao máis elevado o seu compromiso coas persoas, garantindo o establecemento de condicións laborais e de remuneración dignas, a non-discriminación (directa ou indirecta, por razóns de sexo, idade, raza, relixión, orientación sexual, estilo de traballo ou talento), a prevención de calquera tipo de acoso, o respecto dos dereitos dos traballadores en cumprimento estrito da normativa laboral aplicable nas xurisdicións nas que operen, a promoción da equidade a través da igualdade de oportunidades, a erradicación do traballo infantil e do traballo forzoso, o rexeitamento de calquera actividade vencellada ao tráfico de persoas ou a escravitude, así como a liberdade de asociación e o dereito á negociación colectiva.

h. Formación

CLECE aposta pola formación continua para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e profesional de todos os seus empregados co fin de acadar o máximo rendemento na realización das súas funcións.

En consecuencia, espérase que os socios comerciais manteñan unha cultura de formación para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e profesional dos seus membros, co fin de obter o máximo rendemento, calidade e satisfacción na realización das súas funcións, así como a observancia do disposto neste Código.

En particular, os socios comerciais comprométense a sensibilizar os seus membros nos valores recollidos neste Código.

i. Respecto pola seguridade e a saúde das persoas

CLECE asume e contempla a súa Política de prevención de riscos laborais como un alicerce fundamental en todas e cada unha das actividades, decisións, ordes e instrucións que se toman en cada liña xerárquica, como medio eficaz na xestión das persoas e na prevención da súa saúde.

Por iso, os seus socios comerciais comprométense a cumprir a normativa aplicable nesta materia, procurando un ambiente laboral seguro e saudable para os seus membros, así como o respecto pola normativa sobre seguridade e saúde no traballo, cumprindo estritamente a normativa de prevención de riscos laborais aplicable.

j. Transparencia

Nas súas relacións con CLECE, os socios comerciais comprométense a fomentar a cooperación e o diálogo, e a manter relacións transparentes e fluídas.

Do mesmo xeito, os socios comerciais comprométense a subministrar unha información veraz, necesaria, completa e puntual acerca da marcha das actividades relacionadas co seu desempeño.

k. Calidade na xestión e respecto do medio ambiente

O respecto do medio ambiente, a flora e a fauna é un alicerce básico na actuación de CLECE, polo que estamos comprometidos coa conservación da contorna e a prevención da contaminación co obxecto de minimizar o impacto ambiental das nosas actividades.

CLECE promove, de acordo coa súa política ambiental, a aplicación das mellores prácticas neste eido.

Por todo iso, os socios comerciais deben garantir o cumprimento da normativa medioambiental aplicable ás súas actividades, asumindo o compromiso de adoptar medidas axeitadas co fin de procurar o máximo respecto do medio ambiente, loitar contra o cambio climático no desenvolvemento das súas actividades e minimizar potenciais impactos medioambientais adversos.

4. GOBERNANZA

CLECE mantén un compromiso constante co desenvolvemento sostible, servindo a sociedade de forma eticamente responsable. Unha estratexia axeitada de sostibilidade empresarial debe descansar noutros alicerces, como o económico, o social, o legal ou o reputacional.

En relación coas bases da gobernanza de CLECE, o Órgano de Administración nomeou un Órgano de Cumprimento, con poderes de iniciativa e control, que mira polo funcionamento e execución do Sistema Integral de Xestión de Compliance.

Este órgano configúrase como garante da supervisión, vixilancia e control en materia de gobernanza, incluíndo, neste ámbito, as relacións de CLECE cos seus socios comerciais.

5. CANLE ÉTICA (SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN)

CLECE dispón dunha Canle Ética (ou Sistema Interno de Información) aberta a terceiros que permite que calquera parte interesada ou colaboradora, que se relacione coa Organización, poida informar de boa fe, de forma anónima (se así o quixer) e confidencial sobre calquera conduta constitutiva dunha infracción das leis, a normativa interna ou os principios e valores recollidos neste Código.

A Canle Ética está dispoñible na páxina web xunto coa súa Política de funcionamento («Política de funcionamento da Canle Ética»).

6. INCUMPRIMENTO

O incumprimento das disposicións deste Código pon en risco a CLECE e pode chegar a ser obxecto de accións legais.

Neste sentido, establécese expresamente a obriga por parte dos socios comerciais de pór inmediatamente en coñecemento de CLECE calquera indicio de incumprimento ou vulneración dos principios deste Código, a través da Canle Ética.

A vulneración do disposto neste Código suporá a reacción inmediata da Organización sobre a base da normativa de aplicación, promovendo as medidas que legalmente lle asistan, podendo adoptar as accións que estime pertinentes, acordes coa gravidade e proporcionalidade dos feitos.

7. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN

A entrada en vigor do Código de conduta de socios comerciais terá lugar no mesmo momento da data de aprobación, modificación ou actualización deste documento.

Será obxecto de publicación e difusión para o seu axeitado coñecemento, polo que estará dispoñible e poderase consultar na páxina web corporativa.